

Modificación da Orde das Concilias Acadamos a non obrigatoriedade dos centros con xornadas partidas

Logramos que a Consellaría non restrinxa os dereitos do profesorado en función da súa residencia así como outras melloras na orde

NOVA REDACCIÓN do artigo 3 apartado 2. *Ter, se é o caso, destino definitivo a unha distancia superior a 60 Km da capital do concello de residencia.*

A Consellaría non pode restrinxir os dereitos do profesorado en función da súa residencia.

A CIG-Ensino está totalmente en desacordo con esta proposta que implica discriminar a todas as persoas que non residen na cabeceira municipal. Isto, nun país cunha dispersión xeográfica como Galiza supón que en moitos casos se perda o dereito á pedir concilia por non vivir na capital do concello. Hai moitas localidades que están a dez ou máis quilómetros da capital do concello. Argumentar cuestións técnicas (como fai a Consellaría co certificado municipal de empadramento) non ten xustificación.

A administración acepta manter a localidade.

NOVA REDACCIÓN do artigo 4 apartado 5. *Na instancia deberán solicitarse:*

a) En primeiro lugar **os centros do concello de residencia** ou, cando sexa o caso, o centro ou centros do **concello máis próximo ao de residencia** nos que se poidan ofertar prazas da especialidade ou especialidades polas que se participa, **agás os centros penitenciarios, os centros nos que se imparten ensinanzas de adultos e os centros nos que se imparten as ensinanzas en réxime de xornada partida, que serán de solicitude voluntaria.**

b) Poderán engadirse voluntariamente as peticións a centros ou localidades que se consideren convenientes, tendo en conta que é preceptivo dar prioridade aos centros ou localidades situadas nunha radio de 20 km da **capital do concello** da súa residencia.

Acadamos a non obrigatoriedade dos centros nos que se imparten as ensinanzas en réxime de xornada partida, adultos e centros penitenciarios.

A nova redacción responde ás demandas feitas pola CIG-Ensino nas negociacións da orde así como na comisión de concilias: hai centros que poden supor unha mellora polo tempo de desprazamento mais que non son tal polos horarios. Parécenos positivo. Entendemos que cando a Consellaría fala de ensinanzas de adultos está a incluír a todos os

IES ou CIFP que imparten docencia na quenda de tarde, mais a redacción podería levar a entender que só se fala de EPAPU. Solicitamos que se aclare ben a redacción. *A administración confirma a nosa lectura e afirma que cambiará a redacción para que quede claro que os centros que imparten nocturno tamén poden ser excluídos das peticións.*

Tamén se acordou simplificar este artigo e que haxa que solicitar obrigatoriamente todos os centros, na orde que se queiran, nun radio de 20 quilómetros da residencia, coas excepcións mencionadas.

Ao respecto do resto da orde que non se modifica queremos insistir nunhas propostas que xa presentamos cando se negociou a orde e que entendemos que son importantes:

- **Persoas que aproban a oposición e non traballaron con anterioridade.** É o único colectivo que queda discriminado. Somos conscientes da escasa marxe de tempo que alega a Consellaría. Porén, hai que ter en conta, que a única documentación que deberían presentar é o Libro de Familia e o

certificado de empadramento. Terán só un prazo moi breve, normalmente de tres días, mais iso non é motivo para que a Consellaría restrinxa ese dereito. Hai que te en conta que o problema estará basicamente en Primaria, xa que en secundaria hai prazo para rectificar até a resolución definitiva. *A administración acéptao.*

- No debate da orde xa solicitamos que se incremente a idade dos fillos e fillas para as **familias dunha soa persoa proxenitora**, garantindo unha maior duración das comisións. *A administración acepta aumentar 2 anos nos distintos tramos.*

- **Instancia propia para Concilia.** Entendemos que a mellor opción é que as concilias vaian a unha petición propia como pasa coas comisións de saúde. *A administración di que vai mirar se non lle trae problemas e de non traerllos aceptará a dobre instancia.*

NOVA WEB

www.cig-ensino.gal

